

PROCESO SELECTIVO DÚAS PRAZAS DE TRABALLADORAS/ES SOCIAIS SUPOSTO PRÁCTICO

Alan e Víctor asisten ao centro de día do Centro Príncipe Felipe desde setembro de 2024. Alan de 8 anos é fillo de Linda e o seu actual marido Rodrigo. Víctor de 13 anos é fillo dunha relación anterior de Linda que naceu en Brasil (o seu país de procedencia), non existindo na actualidade ningunha relación co seu pai biolóxico. A unidade familiar está integrada polos catro membros, que residen nunha vivenda alugada no concello de Pontevedra

O equipo educativo da unidade onde está Víctor, recibe chamada do orientador do IES, no que lle comunica as faltas de asistencia inxustificadas de Víctor (13 anos) no último mes e o comportamento disruptivo que presenta na clase (falta de respecto ao profesorado, compañeiros e compañeiras). O titor de Víctor mantivo unha entrevista coa nai para mostrar a súa preocupación, e aínda que é colaboradora co centro, a nai manifesta a súa incapacidade para “controlar” ao seu fillo e, reconece sentirse sobrepasada. O orientador solicita colaboración do Centro Príncipe Felipe debido a que considera que o factor familiar está a influír no absentismo do menor e espera que se axude a Linda no exercicio da súa función parental.

Na entrevista inicial coa nai, antes do ingreso dos menores no centro, esta expuxo que solicitaba as prazas para que ela puidese empezar a traballar. Linda levaba en situación de desemprego desde fai 3 anos e o seu marido, autónomo, traballa na construción con ingresos irregulares. Os ingresos da unidade familiar eran inferiores a 4 veces o IPREM. A relación de parella non era boa naquel momento, a nai lamentaba non sentirse apoiada polo seu marido quen, ademais de ter un amplo horario laboral, era consumidor habitual de alcol. Ademais, observouse que a relación entre Rodrigo e Víctor non era boa, non interesándose o adulto pola educación e coidado do menor.

Na entrevista inicial co psicólogo do centro, Linda manifestou ter dificultades para a educación do seu fillo Víctor, referíndose a el como un “nado hiperactivo e con mal comportamento”.

Tras esta comunicación do centro educativo e a observación de certos comportamentos disruptivos tanto de Alan como de Víctor, desde o centro concertase reunión con ambos os proxenitores.

Á reunión acode só Linda, a quen percibimos emocionalmente inestable, manifestando que está sobrepasada pola actual situación familiar que está a vivir. Manifesta que Víctor ultimamente cambiou moito; empezou a saír cun grupo de amigos que Linda define como “non recomendables”, non quere asistir ao centro educativo e con ela ten moitas discusións e agresións verbais porque non acepta as normas. Nunha ocasión, que lle quitou o móbil ameazouna con pegarlle, pero interveu Alán. A convivencia con el volveuse moi difícil.



Linda tamén comenta que a relación entre ambos os proxenitores deteriorouse, aínda que viven xuntos, non manteñen ningunha relación afectiva, e son incapaces de acordar pautas educativas.

Deixa entrever que Rodrigo, debido aos seus problemas de consumo, en ocasións móstrase moi violento con ela e con Víctor especialmente. Ela considera que non ten recursos para facer fronte á situación de absentismo escolar e ao mal comportamento de Víctor.

Como traballadora social do Centro Príncipe Felipe:

1. Delimita o encadre profesional-institucional que enmarca a intervención e o marco normativo. *(Puntuación máxima de 3 puntos).*
2. Ante a situación descrita, diseña a túa proposta de intervención con esta familia. *(Puntuación máxima de 7 puntos).*